



nota de prensa

## O Concello de Cuntis duplica unha app oficial que xa existía e exclúe o galego na nova

*Descoñécese o motivo polo cal o Goberno Municipal mercou unha nova app oficial, estando aínda dispoñible a anterior, así como o motivo da exclusión do galego nos menús da nova e o custe total.*

Cuntis. 13 de decembro de 2019

Esta mesma semana o Concello de Cuntis anunciaba a presentación dunha nova app 'oficial' municipal. Segundo a información difundida polo propio Goberno Municipal, *'permitirá ás persoas usuarias subscribirse a notificacións para poder recibir avisos diarios no móbil e estar ó corrente das últimas noticias municipais, eventos culturais, avisos xerais,...'* Sen ter informado previamente da contratación desta aplicación, que correu **a cargo dunha empresa asturiana, descoñécense detalles como por exemplo o custe total deste servizo**, así como do seu mantemento, se o houbera. Veciñanza solicitou xa o expediente completo de contratación deste servizo.

Esta nova aplicación que presenta o Concello de Cuntis está exclusivamente en castelán no que se refire á súa estrutura, **sen dar nin tan sequera a posibilidade de elixir o galego para os menús e apartados que ofrece. Descoñécese a actividade da área de Normalización Lingüística do concello e o motivo polo cal permite a exclusión do noso idioma nunha aplicación oficial.**

Tampouco explicou o Goberno Municipal **o motivo polo cal merca unha aplicación que xa existía dende o ano 2014**, como é a que aínda se atopa dispoñible na Play Store coa denominación "*Ayuntamiento de Cuntis*", e cuxa última actualización técnica foi en xuño do ano 2015.

Como é habitual, en materia de novas tecnoloxías o Goberno Municipal de Cuntis móvese "*a paus de cego*", sen a máis mínima eficiencia no gasto público e sen ter unha estratexia minimamente elaborada ou uns obxectivos definidos. **A web oficial de turismo mantense activa na rede e sen actualizar, e a web municipal é un absoluto despropósito, sen a máis mínima usabilidade nin utilidade ningunha para os/as usuarios/as. A tal punto chega o absurdo que esta páxina web segue presentando como app oficial a anterior.**